



GRUPO DE MONTAÑA COLEXIO APOSTOL SANTIAGO

MES: febreiro DÍA: sábado, 6

Queridos amigos:

O vindeiro sábado día 6 de febreiro faremos a segunda etapa do GR-94 continuando a nosa peregrinaxe cara a Santiago de Compostela.

Comezaremos a camiñar en Redondela pola estrada N-550 que vai a Porriño. De seguido deixaremos a estrada para achegarnos a igrexa parroquial de San Mamede e coller despois a pista da traída da auga que deixaremos cando atopemos a estrada Po-250 que leva a Fornelos de Montes. Cruzaremos o regato Alvedosa. Pasaremos polo barrio de Ventosela, alto do Laxial e xa entraremos nas terras do Concello de Soutomaior. A nosa esquerda deixaremos o monte da Peneda para chegar ao barrio de Moreira e baixar cara ao castelo de Soutomaior.

Se imos ben de tempo, a nosa andaina remataría nas beiras do río Verdugo.

Nesta xornada camiñaremos arredor de 18 Km.

O traslado ata Redondela e o regreso dende Soutomaior farémolo no autobús de línea polo que precisades levar cartos para pagar o billete, 1,40 € na ida e 2€ para a volta.

A roupa de reposto a teremos que levar connosco.

A inscrición tendes que deixala, **no caixa do correo de paraescolares ou ben mandala por correo (valle.sobrino@colegioapostol.com), antes do día 4**

Saída: **9:00** da mañá dende o colexio e regreso, **ás 18:00**

CORTAR POR AQUÍ E DEIXAR NO BUZÓN DE PARAESCOLARES.....

INSCRIPCIÓN-Anotámonos a esta actividade	
Alumno:	
Curso	Sección
Correo electrónico:	
Anótase comigo	